

Ao fío das [declaracións feitas a semana pasada pola nosa "super" Conselleira](#) , Rocío Mosquera, [que aseveraba que "necesitamos un sistema retributivo diferente"](#) e falaba da necesidade dun sistema de xestión de persoal máis "flexíbel", publicouse onte [nun medio dixital do ámbito da medicina un artigo](#) no que se abunda no cuestionamento do modelo estatutario de xestión de persoal. [nas](#)



Neste artigo, algúns responsábeis directivos de servizos de saúde de territorios paradigma do que é a privatización da sanidade, como poden ser a Comunidade Valenciana ou Madrid, afondan na suposta necesidade de cambiar o modelo actual de persoal estatutario para buscar un sistema menos "rígido". Entre outros motivos, o responsábel de sanidade de Orihuela fala de que co modelo actual seica non se poden facer contratos a tempo parcial (que llo diga a todas as persoas que hoxendía traballan con xornadas de 5, 4 ou mesmo 3 ou 2 horas no SERGAS) ou que non permite facer horas extras (horas extras! cunha taxa de paro do 26%, horas extras!). Se non fora para chorar, habíamos de rir bastante. Mais o conto é triste.

O caso é que neste artigo inclúese dentro desa corrente de opinión que avoga pola laboralización do persoal e a fin do modelo de persoal estatutario á Organización Médico Colexial e tamén ao sindicato coroporativo médico CESM, de boca do seu Secretario Xeral, Francisco Mirelles. Segundo o artigo publicado onte, o máximo dirixente da CESM indica que "os médicos tamén queren esa flexibilidade que eles reclaman", sumándose ao carro da crítica á suposta rixidez do sistema.

O que non temos moi claro na **CIG-Saúde** é qué pensan en CESM-Galiza destas declaracións. Non sabemos se xa lles explicaron ao persoal este seu posicionamento de cara á eliminación do persoal estatutario e a "flexibilización" do sistema. Pensan entón, como o directivo de Orihuela, que debería haber máis contratos a tempo parcial? Faláronlles aos/ás profesionais que se atopan no paro da necesidade de que o persoal fixo poida facer horas extras, tal como promulga ese directivo, algo ao que parece sumarse o Secretario Xeral da CESM? Avoga

CESM pola aplicación da Reforma Laboral con contundencia, e con todas as consecuencias (despedimentos, xornadas irregulares, salarios en función da produtividade...) tal e como pretenden facer estes directiv@s da sanidade, incluída a nosa Conselleira?

Estaría ben que aclararan ao persoal que día a día traballa para manter a Sanidade Pública se este é o seu modelo, se a súa loita é para a eliminación da "rixidez" da estatutarización. Estaría ben.